



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Cajide Hervés e M^a Soledad Soneira Tajés, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Galicia, ten a capacidade legislativa suficiente para dotarse dos instrumentos máis axeitados para o desenvolvemento da fórmula cooperativa, en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995 e a Lei 5/1998 que regula as sociedades cooperativas galegas.

Actualmente, as políticas de apoio e fomento do cooperativismo son competencia da Consellería de Traballo, que alberga a Dirección Xeral de Relacións Laborais, onde se inscribe a Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social, dende a cal se atende todos ao cooperativismo galego en xeral.

Si falamos de cooperativismo por sectores, o cooperativismo agrario – gandeiro debe xogar un importante papel na economía no rural de Galicia.

As cooperativas, permiten abaratar custes coa compra en común dos insumos, e conseguir mellores prezos nos mercados coa venda agrupada, é dicir, con este sistema de traballo mellora a capacidade de negociación e a competitividade de moitas explotacións agrícolas e gandeiras.

Ademais, as cooperativas aportan servizos como: formación e información aos seus asociados e asociadas, a difusión de coñecementos que melloran a eficiencia produtiva da explotación e a comercialización dos produtos, etc.

Estas estruturas, tamén son fundamentais na transferencia de tecnoloxía e apoio técnico, sen os cales será imposible abordar os retos aos que, hoxe por hoxe, se enfronta o sector agroalimentario, como: a globalización dos mercados, os retos de calidade, etc. A todo isto, temos



Grupo Parlamentario

que engadirille as consecuencias da crise mundial que estamos a padecer, que terá as súas consecuencias no sector agrario – gandeiro galego.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tendo en conta o anteriormente exposto e considerando que o movemento cooperativo debe xogar un importante papel no impulso económico dalgúns sectores do noso medio rural, as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Que número de cooperativas de primeiro nivel existen no sector agrario – gandeiro na actualidade en Galicia?
- 2.- Que número de cooperativas de segundo nivel existen no sector agrario – gandeiro na actualidade en Galicia?
- 3.- Cal foi a evolución do cooperativismo galego no sector agrario – gandeiro nos últimos tres anos?
- 4.- Cales son as medidas específicas promovidas pola Consellería de Medio Rural destinadas ao fomento e consolidación do cooperativismo agrario – galego?
- 5.- Cal é a previsión da Consellería de Medio Rural sobre o incremento e consolidación do cooperativismo agrario – gandeiro para o ano 2009?

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2008

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
M^a Soledad Soneira Tajés
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 18/11/2008 10:12:05

María Soledad Soneira Tajés na data 18/11/2008 10:12:15